

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES**

RESOLUCIÓN do 9 de xuño de 2023 pola que se modifica parcialmente a Resolución do 17 de novembro de 2022, conxunta da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación, pola que se adxudican as axudas da Orde do 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do Sistema universitario de Galicia, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, e se procede á súa convocatoria para o ano 2022 (códigos de procedemento ED481A e IN606A).

A Orde do 31 de decembro de 2021 (DOG núm. 20, do 31 de xaneiro de 2022), conxunta da Consellería de Cultura, Educación e Universidade e da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, establece as bases reguladoras e a convocatoria das axudas de apoio á etapa predoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema galego de I+D+i, en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva.

Estas axudas foron adxudicadas pola Resolución parcial do 17 de novembro de 2022 (DOG núm. 230, do 2 de decembro).

A Orde do 31 de decembro de 2022 establece no seu artigo 23 que se poderá adxudicar unha nova axuda de acordo coa prelación sinalada na lista de espera, sempre e cando a renuncia se produza antes do 31 de decembro de 2022.

No mesmo artigo 23 establécese que para cubrir estas renuncias se seguirá a prelación das listas de espera definidas no artigo 12.7, tendo en conta que soamente poderán ser cubertas coas solicitudes da lista de espera do órgano instrutor en que se produza a renuncia. A persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións e polo tempo restante de aproveitamento da axuda.



RESOLVO:

Primeiro. Aceptar as renuncias presentadas polas universidades do SUG ás axudas de apoio á etapa predoutoral da Resolución parcial do 17 de novembro de 2022 que se indican a continuación:

Nº de exp.	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome
ED481A 2022/011	UDC	Pociña	Sánchez	Brais

Segundo. Aceptar as renuncias presentadas polas universidades do SUG ás axudas de apoio á etapa predoutoral da Resolución provisional do 31 de marzo de 2023 que se indican a seguir:

Nº de exp.	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome
ED481A 2022/496	UVigo	Núñez	González	Noa
ED481A 2022/159	UVigo	Fernández	Román	Daniel
ED481A 2022/243	USC	Sendón	Blanco	Alba
ED481A 2022/483	USC	Mojón	Álvarez	Diego
ED481A 2022/134	UDC	Rey	Souto	Cora
ED481A 2022/057	USC	Silva	Bea	Sergio

Terceiro. Conceder parcialmente 7 das 90 axudas correspondentes ás universidades do SUG, de apoio á etapa predoutoral convocadas pola Orde do 31 de decembro de 2021:

Nº de exp.	Univ.	1º apelido	2º apelido	Nome	Zona estadía	Puntuación
ED481A 2022/181	USC	Morcillo	Gómez	Ángel	2	77,8532
ED481A 2022/221	USC	Lema	Capeáns	Yago	3	77,5000
ED481A 2022/388	USC	Justo	Vega	Ana	3	77,4496
ED481A 2022/160	UDC	Vázquez	García	David	2	77,3152
ED481A 2022/434	USC	Gómez	García	Fernando	3	77,0440
ED481A 2022/041	UDC	Iglesias	Fente	Alba	2	75,6596
ED481A 2022/216	USC	Castiñeira	Landeira	Ana	3	75,5524

Cuarto. A distribución resultante por universidades é a seguinte:

Aplic. orzam.	Univ.	Nº axudas	Crédito (en euros)						Total
			2022	2023	2024	2025	2026	2027	
10.03.561B.444.0	UDC	7	6.000,00	116.000,00	199.000,00	175.000,00	203.500,00	67.500,00	767.000,00
10.03.561B.444.0	USC	64	48.000,00	1.132.000,00	1.934.000,00	1.600.000,00	1.879.000,00	525.000,00	7.118.000,00



Aplic. orzam.	Univ.	Nº axudas	Crédito (en euros)						Total
			2022	2023	2024	2025	2026	2027	
10.03.561B.444.0	Uvigo	12	10.000,00	224.000,00	358.000,00	300.000,00	355.500,00	82.500,00	1.330.000,00
Total SUG		83	64.000,00	1.472.000,00	2.491.000,00	2.075.000,00	2.438.000,00	675.000,00	9.215.000,00

Quinto. *Pechar a lista de espera*

Sexto.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade cos artigos 19 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2023

O conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades
P.D. (Orde do 29.7.2022)

Manuel Vila López

Secretario xeral técnico da Consellería de Cultura,
Educación, Formación Profesional e Universidades

